



**ACTA N.º 4/2012**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE MARZO DE**  
**2012**

**ASUNTOS**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTAS ANTERIORES
- I.2.- PROPOSTA SOBRE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POR PARTICIPACIÓNS PREFERENTES
- I.3.- PROPOSTA SOBRE A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA
- I.4.- PROPOSTA SOBRE O USO DO PEIRAO DE PANXÓN
- I.5.- TRASLADO A SOPORTE INFORMÁTICO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICAS.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solía Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Mércores, 28 de marzo de 2012
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao adelantarse un día a prevista para o presente mes.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:03.
- *Hora de remate:* 11:30.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Número membros non asistentes:* Ningún

**Incidencias.** Non se producen alteracións no *quórum* de asistencia nin outras incidencias.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

**I.- PARTE RESOLUTIVA****I.1.- ACTAS ANTERIORES**

*As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas: 23 de febreiro de 2012 e 12 de marzo de 2012.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Acordo.** Coa conformidade dos 17 membros que integran a Corporación quedan aprobadas as actas das sesións 23 de febreiro e 12 de marzo de 2012.

**I.2.- PROPOSTA SOBRE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POR PARTICIPACIÓNS PREFERENTES**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de marzo de 2012 acordou propoñer ó Pleno a adopción da seguinte proposta de acordo:

"Durante as últimas semanas se foron producindo diversos actos de reivindicación protagonizados por veciños e veciñas de Nigrán e da comarca do Val Miñor relacionados coa súa adquisición de participacións preferentes en diversas entidades financeiras.

Dende a Corporación Municipal de Nigrán consideramos que se deben buscar e aportar solucións a un problema complexo como é a defensa da posición dos máis febles nesta situación, que son sen dúbida os clientes desas entidades financeiras e o mesmo tempo os nosos veciños e veciñas. As Participacións Preferentes ténense revelado coma un produto financeiro moi extendido entre as entidades financeiras, con independencia da súa forma xurídica (non só Caixas), e mesmo en grandes corporacións (Repsol, Telefónica ... ), que empregaron iste xeito de capitalizar as súas compañías. É un produto financeiro, que foi comercializado coma se fosen Obrigacións (é dicir, produto de renda fixa con vencemento e rendibilidade establecidas), pero que na práctica aúnan todos os inconvenientes dos investimentos de alto risco, e ningunha das vantaxes que previsiblemente perseguían a maioría dos suscriptores minoristas galegos, e entre eles, veciños e veciñas de Nigrán e do Val Miñor.

A Coporación Municipal de Nigrán, receptiva e con sensibilidade e solidariedade respecto das situacións persoais, debe atender ao interese xeral e sempre tendo presente que o que se procura é que, dentro da legalidade, se consiga unha finalidade: a recuperación íntegra do investimento realizado. Non se quere restrinxir as actuacións, ao ámbito dos afectados polas emisións das Caixas galegas, porque existen moitos aforradores minoristas galegos que padecen esta mesma situación a causa da actuación doutras entidades financeiras que operan no noso territorio.

Por todos os motivos expostos, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais propónlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **acordos**:

1.- Apoiar ás persoas afectadas polas Participacións Preferentes nas súas legais reclamacións.

2.- Instar a Xunta de Galicia a:

a) Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promova e no seu caso preste as autorizacións necesarias a Novagalicia Banco e ao resto das entidades financeiras, para dar solución á recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia que desexen recuperar os cartos investidos neste produto e a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes.

b) Exercer, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, todas as accións en defensa dos afectados/as.

c) Exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

d) Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:



*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Agradece aos grupos o acordo acadado sobre o texto da proposta. Trátase de apoiar a aqueles cidadáns que se ven afectados por esta situación. Le a proposta.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* É unha iniciativa dos tres grupos que converxen nesta proposta. Hai que defender ás vítimas deste produto financeiro.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Houbo xente que asumiu o risco conscientemente, mentres outros actuaron sen recibir a información necesaria. A estes cidadáns dámoslle o apoio, e pedimos que se investigue a forma de actuar das entidades financeiras.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Adhírese á proposta definitiva a favor das persoas que sofren as consecuencias dunha mala información. Fallaron os controis dos supervisores da Administración. Debería ser incluso máis categórica a proposta, dadas as circunstancias.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agradece as suxestións dos grupos, na liña de pedir solucións a cada quen segundo as súas competencias. A información non foi a que debiera ser. Os controis non foron os máis axeitados. Trátase de que o problema se poida resolver.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- PROPOSTA SOBRE A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de marzo de 2012, vista a moción do Grupo Socialista de apoio á iniciativa legislativa popular para a defensa da sanidade pública en Galicia, dictaminou favorablemente a seguinte proposta do Grupo Popular que a modifica:

"A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) coa finalidade de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución recoñece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios.

É competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

O Grupo Municipal Popular de Nigrán somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes **acordos**:

**PRIMEIRO-** Instar a Xunta de Galicia a que continúe defendendo o carácter público da sanidade galega, prestando unha asistencia sanitaria de calidade para todos os galegos e realizando unha xestión eficiente e responsable dos recursos públicos.

**SEGUNDO-** Instar a Xunta de Galicia a que prosiga mellorando a capacidade resolutiva da Atención Primaria.

**TERCEIRO -** Instar a Xunta de de Galicia ao mentemento do modelo descentralizado do sistema sanitario galego a través de áreas sanitarias, como espazos para a planificación, asignación e xestión integral dos recursos en base ás necesidades sanitarias da poboación e coa súa participación activa.

**CUARTO -** Instar á Xunta a construír o novo centro de saúde de Panxón (Nigrán) no prazo máis breve posible e utilizando as fórmulas que se estimen máis áxiles e que garantan unha xestión pública ao 100% e a máxima calidade asistencial e de servizos para os veciños do noso concello."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:



*Sr. Alcalde-Presidente:* O PP emendou unha proposta do grupo socialista.

*D<sup>a</sup>. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada:* Le a proposta ditaminada pola Comisión.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Pregunta se esta é unha moción do PSOE ou do PP. A moción do Partido Socialista aparece agora coma se fose do Partido Popular.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* A moción do PSOE, semellante a unha que tiña o BNG, trataba de apoiar unha iniciativa legislativa popular. A emenda vai noutra liña. Aínda partindo da iniciativa legislativa, esta non se recolle no acordo. Por esta razón non vai apoiar a proposta.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* A sanidade é, de novo, un pretexto para o debate político no seo do Concello, cando a competencia non é municipal. Sorprende que se manteña a exposición de motivos da moción do PSOE, pero se cambie o acordo. Recorda que o seo grupo non está de acordo coa entrega dun ben municipal para o Centro de Saúde de Panxón, nin na súa localización. Pensa que esa iniciativa pode quedar paralizada. Absterase.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2, do grupo Mixto.

Os 6 concelleiros do grupo PSOE manifestan que non votan.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- PROPOSTA SOBRE O USO DO PEIRAO DE PANXÓN**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de marzo de 2012, vista a moción do Grupo Socialista sobre o uso do peirao de Panxón prioritario para os mariñeiros e xentes do mar, dictaminou favorablemente a seguinte emenda á totalidade do Grupo Popular:

"A realidade de moitos pobos, vilas e cidades de todo o mundo, e sobre todo a súa riqueza e a súa cultura, está moi condicionada pola influencia e desenrolo dos seus portos. Neste sentido, Nigrán pode considerarse como unha desas vilas, vilas mariñeiras, cunha tradición e unha historia na que o mar ten un importante protagonismo e as súas xentes están moi "marcadas" pola influencia do traballo no mar.

A importancia dos portos no crecemento e na configuración das vilas e dos concellos que dispoñen de este tipo de infraestrutura está fora de toda discusión, e todos podemos



coincidir en que un porto pode e debe ser o motor económico e social destas vilas, nas que incluso a posibilidade de dispor dunha vía de comunicación marítima con outras localidades ou lugares era e sigue sendo un gran potencial de desenvolvemento e de distinción con outras vilas e concellos.

A tradición mariñeira de Panxón e do seu porto e, por tanto de Nigrán, é o mesmo tempo un dos grandes patrimonios e unha das máis importantes sinais da nosa identidade que entre todos debemos coidar e potenciar o tempo que enriquecer adaptándoa á nova realidade desta sociedade na que vivimos.

Dende o Partido Popular de Nigrán sempre defenderemos a defensa desta identidade mariñeira do noso municipio e o cuidado e respecto a xente que se dedica a difícil labor do mar. O actual goberno municipal do Partido Popular de Nigrán considera fundamental manter esta identidade o tempo que considera fundamental reactivar a actividade dun porto a través de mellorar as condicións de traballo dos nosos mariñeiros, mellorar as infraestruturas portuarias as cales estiveron esquecidas de forma moi preocupante nos últimos anos, e articular actuacións que poidan enriquecer e potenciar a actividade económica de Panxón e de Nigrán en xeral, sempre e cando a actividade profesional dos mariñeiros esté garantizada. Neste sentido sempre se manifestou o alcalde de Nigrán e o actual Presidente de Portos de Galicia cando o actual goberno municipal decide iniciar as xestións para a posta en marcha dunha liña marítima a Cíes e a Baiona dende Panxón. Así, se lles indicou a Cofradía e aos propios mariñeiros que sería unha condición imprescindible para a posta en marcha desta liña de transporte garantir as condicións de traballo dos mariñeiros que operan no porto de Panxón. Estas condicións se manteñen e se garantiza a compatibilidade de ambas actividades, sendo neste momento, e fundamentalmente por motivos de seguridade, o único inconvinte a non utilización da escaleira do muelle que utilizan diariamente os mariñeiros por parte dos usuarios da liña marítima, para o que é necesaria a instalación dun pantalán na parte final do actual muelle, o que provoca a necesaria reordenación dalgún fondeo. En ningún caso, se vai a desaloxar ou expulsar a ningún mariñeiro do porto de Panxón, algo que o actual goberno municipal nunca permitirían.

Tendo en conta por tanto, que existen posibilidades reais de compatibilizar a actividade dos mariñeiros coa posta en marcha neste caso dunha liña marítima, que por outra parte dalgunha maneira xa se ven utilizando durante os últimos anos con motivo da Festa da Arribada do concello de Baiona, cunha simple reordenación dalgún dos fondeos actuais, o Partido Popular de Nigrán considera que o establecemento desta liña axudará a mellorar a comunicación entre os núcleos de poboación máis importantes do Val Miñor como son Balona e Nigrán na época estival, ademais de conectar o noso municipio cun paraíso e atractivo turístico único como son as Illas Cíes, o que sen dúbida, axudará a dinamizar a actividade turística do municipio e axudará o sector da hostelería, da restauración e o sector de servizos do municipio nun momento de dificultades importantes, e que redundaría na xeración e mantemento de postos de traballo.

Todos os axentes implicados nesta decisión, fundamentalmente Patrón Maior, Cofradía e mariñeiros están informados polo Concello e por Portos de Galicia sobre os pasos que se pretenden seguir. Na última reunión celebrada xe chegou o entendemento de que os técnicos de Portos de Galicia plantearían esta posible reordenación de fondeos e incluso Portos se



manifestou de forma favorable a seguir adiante co estudio da posible ampliación do actual espigón. Deste xeito, debemos dende o Concello de Nigrán seguir reivindicando o que consideramos lexítimo, como é dispor dunha infraestrutura e unhas instalacións portuarias acordadas os tempos nos que vivimos e que non deixen a Panxón e a Nigrán nunha situación precaria como ten hoxe en día.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal Popular proponlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Mostrar o apoio á posta en marcha da liña de transporte marítimo a Cies e a Baiona, garantizando a súa compatibilidade co traballo dos mariñeiros de Panxón.
- 2.- Instar a Portos de Galicia a que para a posta en marcha da liña marítima a Cies e Baiona se realice unha reordenación de fondeos no porto de Panxón que garanta a seguridade das embarcacións sen que de ningún xeito se expulse ou desaloxe de modo unilateral a ningún mariñeiro do Porto de Panxón.
- 3.- Instar o goberno municipal de Nigrán a buscar alternativas de aparcamento na zona de Panxón que permita neutralizar o posible incremento de visitantes e tráfico nesta zona.
- 4.- Solicitar da Xunta de Galicia e a Portos de Galicia a realización do estudio técnico sobre a posible ampliación do actual espigón do porto de Panxón."

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Ter maioría absoluta non significa ter o poder absoluto. O PSOE presentou a súa moción e o PP, que non presentou ningunha, aprobou na comisión unha emenda á totalidade. Será legal, pero non é democrático. Era unha moción que non atacaba a ninguén, senón orientada á defensa dos intereses dos mariñeiros. O PP non é quen de apoiar o traballo que fai outro grupo.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* O BNG de Nigrán entendeu que o marco axeitado é o Parlamento de Galicia, onde presentou varias iniciativas sobre este asunto. A moción do PSOE oriéntase aos usos do porto, e foi emendada polo grupo popular cunha proposta que no seu primeiro punto cambia radicalmente a filosofía da iniciativa socialista. Para o BNG están moi claras as prioridades, que agora se alteran. Votará en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Trátase dunha actuación importante. Parece que non se segue a orde lóxica. A liña de transporte a Cies debe supeditarse á previa solución da problemática do porto. Probablemente faltou o diálogo necesario coas partes implicadas. Tampouco se resolveu o problema do aparcamento, nin se tratou de forma axeitada o diálogo cos mariñeiros.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nos foros democráticos as emendas forman parte da normalidade. E xustificanse, sobre todo, se as propostas teñen erros, como pasa con esta moción. O PP atopou o porto de Panxón coa infraestrutura precaria que ten. No Plan Director de Portos, do



PSOE, so se prevían 20 fondeos neste porto. A proposta do PP é máis esixente que a do PSOE. A liña de transporte marítimo é moi interesante, sen deixar de considerar prioritarios os problemas dos mariñeiros. Buscáronse solucións como é un pantalán provisional. E isto afecta a un fondeo. O compromiso é non prexudicar aos mariñeiros. No programa electoral do PP de Nigrán xa figuraba esta iniciativa. O problema do aparcamento hai que tratar de resolvelo á par, e xa existía antes. Á Xunta pídeselle o estudo de viabilidade do espigón.

*Sr. González Pérez:* A defensa dos mariñeiros de Panxón é a prioridade do PSOE. E o PP di que defende o mesmo, pero cambiando o protagonista. Votarán en contra desta forma de actuar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai un erro na moción do PSOE. Ademais o PP é máis esixente.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A postura do BNG de Nigrán é favorable á ampliación do porto. Así o defenden no Parlamento de Galicia.

*Sr. Fernández Comesaña:* No goberno do PSOE emendaban as propostas da oposición. Agora non se deben sorprender de que pase o mesmo. A súa preocupación é que se garanta a compatibilidade da liña coa defensa da actividade dos mariñeiros. Con estas reservas apoiará a moción, e pensando que a rendibilidade económica será moi dubidosa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Concello non aporta ningunha contribución económica. Aquí trátase de compatibilizar actividades sen máis alcance que unha recolocación de fondeos.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.5.- TRASLADO A SOPORTE INFORMÁTICO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICAS**

Expte. nº: 1997/054S

A Comisión Informativa de Asuntos de Xerais do 22 de marzo de 2012, formula ó Pleno a seguinte Proposta:

Mediante acordos plenarios de 27 de marzo de 1998 e 27 de maio de 1999 aprobouse a documentación identificativa de diversas vías públicas municipais, que se incorporan ao inventario de bens,

A referida documentación constaba unicamente en soporte papel e, por acordo plenario do 30 de xaneiro de 2008, encargouse aos servizos técnicos municipais que trasladasen a información sobre vías públicas (planos e fichas) contida na documentación aprobada polo Pleno nas mencionadas sesións de 27-03-1998 e 27-05-1999, ao soporte dixital do que dispón o Concello, de forma que a partir dese novo soporte se poidan realizar as futuras impresións en papel que se necesiten, aproveitando tamén este traballo para propoñer as correccións derivadas dos erros materiais que se detecten e de resolucións xudiciais firmes que afecten ao mesmo.

Elaborado o referido traballo, e visto o exemplar impreso do mesmo, propónse ao Pleno que adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a incorporación realizada a soporte informático da documentación (fichas e planos) identificativa de diversas vías públicas municipais; soporte do que se obterá, a partir de agora, a información necesaria a efectos de acreditar a inclusión ou non dunha vía no referido inventario.

**SEGUNDO.-** Sinalar que o inventario existente neste Concello non comprende a totalidade das vías públicas municipais; que non pode entenderse que un vial, polo mero feito de non estar incluído no correspondente Inventario de Bens Municipais, non sexa de titularidade municipal (sentenza do Tribunal Supremo de 21 de maio de 2008, BOE 07-07-2008); e que a decisión última sobre a titularidade dos viais, estean ou non inventariados, non corresponde ao Concello, senón á xurisdición civil.

**TERCEIRO.-** Darlle publicidade ao presente acordo.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase dun simple cambio de formato.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**



Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de febreiro de 2012 e o 29 de febreiro de 2012, ambos incluídos.

## II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

### 1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

1.1. ¿Xa está en marcha a modificación do Plan de Sectorización de Porto do Molle; e onde se vai a colocar o novo embalse en Porto do Molle?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que está promovendo este Concello para que fagan os responsables, Augas de Galicia e Zona Franca, é que se faga un alxibe para dar servizo, por temas de seguridade de incendios, e subministro de auga, ao parque empresarial. Despois está que, no plantexamento que nós facemos, se poida utilizar para actividades deportivas, en concreto piragüismo e demais, porque para iso está nunha zona nosa e para iso está preparado o río Nespereira.

1.2. Despois de ler un artigo de José Luís Franco Grande da Voz de Galicia, sobre as palmeiras que se puxeron en Panxón, pregunta ¿de que concelleiro saíu a idea de converter o Porto de Panxón no palmeiral de Elche?

*Sr. Alcalde-Presidente:* As palmeiras non son de Elche, que teñen unha posible enfermidade, e xa nos preocupamos de que non sexan de Elche. Voulle a dicir que ese señor que escribe nunha páxina de opinión da Voz de Galicia é totalmente respectable pola miña parte, pero a vostede, que tanto fala do periódico, voulle a por nunha balanza, nun lado a este señor que vive en Tomiño, e no outro a un señor que saíu a semana pasada eloxiando as palmeiras, que é veciño de Panxón. Ningún concelleiro tivo esa idea, tívoo o Alcalde, porque me parece que ter como imaxe turística dun Concello nun paseo marítimo estacas secas, de medio ambiente -que vostedes defenden tanto- ten pouco. Outra cousa é que sexan máis ou menos bonitas, que lle gusten máis ou menos á xente, que é un debate no que polo menos falamos de Nigrán por árbores, palmeiras. Queríamos darlle un aire diferente ao entorno. Podía ser outra especie, pensamos en moitas especies, pero o criterio foi que, dado a situación na que están necesitábase unha árbore que non lle caíra a folia para que non manchara; mantemento o mínimo posible, porque iso repercute no Concello; que non necesitaran mantemento e sobre todo que as súas raíces non xerasen un dano nas baldosas do paseo. Decidimos isto, porque esteticamente nos parecía a máis interesante. Neste paseo gastáronse moitos cartos en cambiar as especies que había, que, por certo, vostedes cambiaron dúas veces; e que se lle preguntaran a alguén que minimamente soubera da especie que estaban plantando alí, lle dirían que era practicamente imposible que sobrevivise nun entorno de costa, ao mellor agora non gastaríamos os cartos. Podemos garantir que non hai que gastar un euro máis de aquí aos próximos anos, a non ser que chegue o partido socialista e os corte.

### 2. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:



2.1. Fixen unha pregunta por escrito relativa ao Plan Provincial de Emprego da Deputación de Pontevedra, que xa me foi contestada por parte da Alcaldía. Contestóuseme que se solicitaran nove peóns de servizos para tarefas de limpeza, desbroce, coidado de zonas verdes e en xeral mantemento de espazos naturais. Simplemente preguntar se hai algún plan para esta brigada e onde van desenvolver o seu traballo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Máis que nada continuar a labor que se estaba facendo con aqueles traballadores que estaban dentro deses plans, e que os últimos marcharon o 4 deste mes. Hai unhas necesidades de mantemento de xardíns, limpeza de viais e demais, que neste momento por falta de persoal non se poden facer; darlle continuidade a eses traballos. Agora virán nove por parte da Deputación, posiblemente algún máis a través dese mesmo plan da Deputación, pero que se piden a través da Mancomunidade, e despois o Plan de Cooperación da Xunta que tamén vai traer un número importante de xente para esa e para outras facetas. O departamento de Vías e Obras e limpeza é o que vai xestionar o traballo diario desas brigadas.

### 3. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

3.1. Á altura das pistas de tenis, onde está a oficina de turismo, hai colocados un par de bancos. Rogaría, dado que é unha zona moi concorrida, que coloquen algún banco máis.

3.2. Con respecto ás bandas sonoras, eu xa lle plantexei este tema varias veces e vostede me contestou que estaban facendo a retirada de forma paulatina. Lle rogaría que sacaran unhas que hai na zona do Centro Antena.

3.3. ¿Con respecto ao Centro da Terceira Idade da Ramallosa, é consciente de que ultimamente se veñen realizando os venres actividades fora do ámbito para o cal foi outorgada esa concesión? No prego de concesión se establecen as características deste local e da súa actividade. Parece ser que hai unha serie de festas que se organizan os venres pola noite e me gustaría saber se contan con autorización expresa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu descoñezo que se realicen. A policía e a inspección do Concello comprobará se se están celebrando e se detectamos que se están facendo cousas que non están dentro da concesión tomaremos medidas.

*Sr. Fernández Comesaña:* Me consta que ultimamente están proliferando. Non sei se hai algún parte da policía, pero me gustaría que se comprobara se cumpre ou non o prego.

3.4. Segue sendo preocupante o tema de Ramallosa. En maior ou menor medida segue habendo problemas e me gustaría saber se as actuacións aí se levan a cabo exclusivamente pola Policía Local ou se son coordinadas coa Garda Civil. E ao mesmo tempo, con respecto aos botellóns, tanto na zona da alameda da Ramallosa como na zona da Romana, se hai algunha medida ou se non lle parece conveniente por en marcha unha ordenanza que limitara o consumo de alcohol na vía pública.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esa normativa xa existe. Se adoptaron unha serie de medidas (por en marcha a Policía de noite) e todos os sábados pola noite se fai un operativo



para que onde se estaba xerando o maior problema, que era na zona da Romana e no entorno da discoteca, se poñen cintas para que non se aglutine a xente nos soportais. Se está trasladando ese movemento á zona, que tampouco é a máis adecuada, pero consideramos que é a que menos problemas da aos comerciantes e veciños. A Garda Civil colabora e é o gran tema que se lle trasladou esta semana ao Subdelegado do Goberno, para tratar de por en marcha un plan de actuación conxunto coa Garda Civil. Convocaremos en breve a Xunta Local de Seguridade.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu creo que as cintas non se están respectando. Insistiría que a Xunta Local de Seguridade colla este tema. Hai unha lei autonómica, pero está máis indicada para o consumo de alcohol dos menores de idade na vía pública. Habería que buscar unha ordenanza que reforzaría para poder actuar neste caso.

3.5. Miro que vostede asina unha orde de gasto no mes de febreiro, por importe de 13.330 euros, máis IVE, para a resolución dos recursos de taxas de lixo e vados desde 2006 ao 2012. É preocupante que haxa reclamacións dos cidadáns desde o 2006 sen resolver. Me gustaría saber que pasa, porque non se lle contesta aos cidadáns reclamacións que fixeron desde o ano 2006.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Que eu responda por que non se lle contestou a alguén desde o 2006, non o sei. Esa é a mesma pregunta que nos fixemos nós e por iso puxemos en marcha algo que debería ser tan normal, que se un administrado solicita algo, que a administración lle conteste.

*Sr. Fernández Comesaña:* É preocupante que non se lle conteste aos cidadáns as reclamacións que fan. Tamén me preocupa porque estes servizos non se fan con persoal municipal e hai que recorrer a unha empresa externa para que o faga. Non o entendo. Me gustaría saber que volume de reclamacións hai e se é tan complexa a súa resolución coma para que demore a súa resposta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Superan os 300 expedientes, pero como me indica o Interventor, o problema non é a contestación administrativa dos expedientes, senón o traballo que hai que facer na rúa. Iso é o que realmente se contrata.

*Sr. Fernández Comesaña:* Ao mellor hai que reconducir áreas municipais, utilizar recursos de onde sexa preciso.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* En relación a iso, había máis de 300 expedientes e non soamente é ir resolvéndooos, é resolvelos con celeridade, porque moitos dos cidadáns afectados tiñan o seu procedemento a través do ORAL, con embargo de contas, embargo de nóminas. Se estaba xerando un dano importante a terceiras persoas por unha falta de dilixencia da propia administración. Decidimos facelo o máis rapidamente posible, e para facelo o máis rapidamente posible necesitábamnos colaboración externa. Unha vez que se solvente esa situación procederemos a ir resolvendo segundo vaian chegando.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu estou de acordo en que é lamentable que os cidadáns de Nigrán que reclaman á administración, se lles dea a calada por resposta, e sobre

todo en temas tan delicados como son as taxas e os impostos. É máis, incluso se debería poder dar resposta telemática.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.